

Fronda

Voandeira do Arquivo Histórico Provincial de Ourense

nº 24

ano 4

setembro-outubro 2009

A documentación notarial (III) **OS PROTOCOLOS NAS ÉPOCAS MODERNA E CONTEMPORÁNEA**


Como cada 31 de decembro, o derradeiro día de 1792 o escribán Francisco Canto y Montanos confeccionou o **protocolo** das escrituras que autorizara desde o primeiro día dese ano. “Protocolizar” as escrituras consistía en reunilas en orde cronolóxica, numerar cada folla e asinar ao final unha **dilixencia de peche** na que o escribán daba fe de que todas as escrituras incluídas neste “registro del año que oy espira, ... pasaron y [las]... otorgaron ante mi las personas que respectivamente refieren, en presencia de los testigos que citan, pueblos, días y meses que cada [escritura] enuncia... y todos ellos se componen de ciento y cinquenta y dos ojas útiles... y para que conste lo signo y firmo”.

Para facilitar a localización das escrituras elaborou un **índice** das mesmas no que consta o tipo de acto ou negocio xurídico, o nome dos outorgantes e o número de folio de cada unha das escrituras: “Testamento de María Manso, vecina de Villar de Vos”, “Venta que otorgó Francisco Fernández, vezino del lugar de Abedes a favor de Joseph y Antonio García...vecinos de Berrande...”

Por último, antes de coser e encadernar conxuntamente o índice, as escrituras e a dilixencia de peche, deseñou unha **portada** na que, con letra coidada e de maior tamaño, asentou o ano do protocolo, o seu nome e o “oficio” que ocupaba (“escribano de número de la villa y jurisdicción de Riós”). Seguindo o costume da época, tamén incluíu unha invocación a Xesucristo (IHS) na parte superior e algúns elementos decorativos de tipo caligráfico.

En esencia, esta é a práctica que realizaron os escribáns e notarios para a confección de protocolos desde 1503. Neste ano os **Reis Católicos** promulgaron unhas Ordenanzas nas que regulaban con detalle a actividade notarial. Nelas mándase que cada escribán “tenga un **libro de prothocolo enquadernado**... en el qual haya de escribir e escriba por estenso las notas de las escrituras que ante el pasaren...”.

A vixente **Lei do Notariado**, que data de 1862, recolle a mesma noción de protocolo cando o define como “a colección ordenada das **escrituras matrices** autorizadas durante un ano... [formalizado] en un ou máis tomos encadernados, foliados con letra e cos demais requisitos que se determinen...”.



1792, decembro, 31. Riós.

Protocolo notarial correspondente ao ano 1792 de Francisco Canto y Montanos, escribán de número da vila e xurisdicción de Riós.

Orixinal; escritura humanística; castelán; 220 x 315 mm.
AHPOu. Protocolos notariais de Francisco Canto y Montanos, C. 2567/10.

Do rexistro medieval ao protocolo

Aínda que xa no século XIII **Afonso X** sentara as bases do que ía ser o protocolo notarial -mandou que os escribáns levasen rexistro das escrituras que autorizaban- o certo é que nestes **rexistros** baixomedievais rara vez se desenvolvía o contido íntegro das escrituras e isto podía ocasionar problemas de **inseguridade xurídica**.

Evitar iso foi a finalidade das mencionadas Ordenanzas que os Reis Católicos publicaron a través da **Pragmática de Alcalá de 1503**, pola cal nacía o protocolo notarial no sentido actual. Pese a que durante moito tempo se lle seguiu chamando rexistro, como en época medieval, nesta disposición mándase que os escribáns confeccionen anualmente un **libro protocolo** coas escrituras producidas durante ese ano natural, *in extenso*, é dicir, co texto íntegro, reunidas en **orde cronolóxico**, foliadas e encadernadas.

Ademais, a pragmática tamén mandaba que os protocolos de cada escribanía foran entregados ao sucesor no “oficio” co que a obriga de custodia dos protocolos por parte dos escribáns se viu reforzada.

Matriz, copias e papel timbrado

A Pragmática de 1503 establece de maneira explícita que cada unha das escrituras inseridas no protocolo son a **matriz orixinal e única**. En cada unha delas asinarán as partes, en sinal de consentimento o mesmo que as testemuñas -se as houberse- e, por último, o escribán que coa súa sinatura autoriza o documento e o eleva a **escritura pública**.


Con anterioridade as escrituras orixinais eran as que se lles libraban aos outorgantes; por exemplo o contrato de compravenda que se lles entregaba ao vendedor e ao comprador. O escribán tan só levaba rexistros nos que asentaba, máis ou menos abreviadas, as escrituras que autorizaba. A partir da Pragmática de 1503, a escritura orixinal ou matriz queda en poder do escribán e formará parte do protocolo dese ano. Os documentos entregados aos outorgantes terán carácter de copia, se ben con valor de escritura pública e garantías de autenticidade, posto que o escribán coa súa sinatura dá fe de que reproduce literalmente o contido da matriz. Este tipo de copia coñécese co nome de **copia auténtica**, a diferencia da **copia simple**, na que tan só se transcribe a matriz pero sen elementos de validación que certifiquen a autenticidade do seu contido. Desde **1637** houbo que redactar as escrituras sobre **papel timbrado**, tal e como se pode ver na ilustración.

Os protocolos notariais do Arquivo Histórico Provincial de Ourense

En **1931** dispúxose a creación de **arquivos históricos provinciais**, coa idea de que os protocolos notarias constituíran o seu “fondo inicial y preferente”. Deberían ser remitidos desde as distintas notaría

da provincia cando cumprisen cen anos. Só nas provincias cuxa capital fose sede de colexio notarial (como A Coruña) serían conservados en **arquivos históricos de protocolos**, dependentes do respectivo colexio.

O Arquivo Histórico Provincial de Ourense (AHPOu) foi creado en 1943, pero por distintas razóns os protocolos non comezaron a ingresar ata **1961**. Dende aquela, segundo van cumprindo os cen anos de antigüidade, as notaría da provincia remítenos regularmente a este arquivo, de xeito que na actualidade o AHPOu custodia máis de **28.700 protocolos** datados entre **1519 e 1909**.



Dilixencia de peche do protocolo de 1792 de Francisco Canto y Montanos.

Unha parte dos protocolos do distrito de Ourense atópase no **Arquivo Histórico Diocesano** xa que en 1809, con motivo da entrada das tropas napoleónicas na cidade, foron entregados ás autoridades eclesiásticas para salvalos dunha posible destrución por parte dos franceses.

En xeral, son unha fonte histórica ben conservada para todo o territorio español, o que posibilita a realización de investigacións de carácter comparativo para distintas áreas xeográficas da provincia de Ourense, de Galicia e de España.